

Andrés Torres Queiruga: "Somos libres, grazas a Deus, que nos quere realmente libres"

María López Viñas / EPL 23/abr/12

Anda tenso, ou polo menos así o transmite o profesor e teólogo Andrés Torres Queiruga (1940, Aguiño, Ribeira). Non é para menos nin máis, segundo se mire, claro.

Leva semanas no punto de mira e algunha prensa xa o bautizou como o novo herexe do catolicismo español. O labor de Torres Queiruga, profesor de Teoloxía no Instituto Teolóxico Compostelán e de Filosofía da Relixión na Universidade de Santiago, é recoñecida a nivel internacional: entre os galardóns que posúe está o premio Nacional de Tradución pola súa 'Biblia' en galego.

O pensamento do de Ribeira ten escaldada a cúpula da Igrexa española, aínda que non faltan os seus defensores; incluso púxose en marcha unha recollida de firmas en sinal de apoio. As súas teses foron condenadas hai unhas semanas pola Comisión para a Doutrina da Fe da Conferencia Episcopal Española, ao «distorsionar», segundo consta na Notificación, a palabra de Deus e cuestionar o carácter milagroso da Resurrección, entre outras cousas. Non é estraño que coide cada termo, cada coma. Así, o seu requisito para unha entrevista é facela mediante cuestionario que pode –advirte– que non conteste enteiro. E así foi.

Que lle parece que a prensa redacte titulares sobre vostede coa palabra herexe?

Os titulares precisan chamar a atención, pero algúns deformaron o sentido da información, e iso despista para unha lectura precisa e verdadeira.

Cre que a xerarquía eclesiástica o ve como o teólogo díscolo? Xa houbo un intento de censurar a súa obra no 2009; por que foi agora cando callou esta Notificación ou condena?

Non é a 'xerarquía'; todo me di que é un grupo minoritario dentro dela. E mesmo así, a palabra díscolo non é a apropiada, porque saben que son pacífico e construtivo; antes nunca faláron comigo deste asunto.

Ten dito nestes días que se sentira sorprendido. Tendo en conta os precedentes...

Sorprendido, porque, unha vez que se produciu un inicio de posible diálogo, pensei que aínda era posible tomar o asunto con tempo e coa preparación e competencia debidas. Unha pena que non se tivese en conta, a pesar de que o propuxen ata o derradeiro momento.

Para que o cidadán de a pé o entenda de xeito sinxelo. Pode resumir que é o que molestou tanto á Comisión para a Doutrina da Fe?

En definitiva, son dous xeitos distintos de interpretar teoloxicamente a fe; non é diferenza na mesma fe, que todos profesamos. O problema está en que a comisión non fixo con claridade e rigor esta necesaria distinción.

Atendendo á coherencia mantense nos seus trece respecto á súa obra e pensamento, que non pensa cambiar. Espera desculpas ou outros razoamentos despois desta chamada a capítulo?

Non se trata de cambiar sen máis, senón de dialogar e seguir pensando. Non son infalible e se nun diálogo serio, mediante razóns teolóxicas, aparece algo que fose contra a fe, claro que cambiaría. Faino todo teólogo responsable. De todos modos, son moi coidadoso, nunca agresivo e sempre respectuoso e positivo. De momento penso honestamente que na miña teoloxía, que como todas pode ter e seguramente ten aspectos discutibles, non hai nada que lesione a fe da Igrexa.

Moitos ‘opinantes’ que escriben nestes días na rede afirman que quen siga as súas teorías sobre a Revelación non é cristiano. Debe doer.

Doe sobre todo pola imaxe que esas minorías, vociferantes e que din expresamente que non leron a miña obra, están dando da igrexa e da fe. Certamente, quen siga as miñas teorías non pode participar nesa intolerante e antievanxélica visión do cristianismo. Confeso que non son capaz de entender cómo se pode ser cristián e adoptar esas actitudes, que deitan odio e non paran ante a difamación e a calumnia.

Como defensor do diálogo e tendo en conta a actual deteriorada imaxe da Igrexa católica, manter a fe debe ser máis que nunca un acto de fe?

Eu diría que coma sempre. Porque a fe é algo precioso, pero profundo e comprometido. Non todo o mundo a comprende ou pode e quere aceptala. Somos libres, grazas a Deus que nos quere realmente libres. Quen descobre a fe, a acepta e trata de vivir en coherencia con ela vive cada día a sorpresa de Xesús no Evanxeo: encontrou o tesouro que non cambiaría por nada do mundo.

Cal é o Deus no que vostede cre, en referencia ao libro no que está traballando?

O Deus en quen creo esta ben expresado ao comezo pola mesma Notificación: «un Deus que, en lugar de suscitar medo, permita recoñecelo como todo amor, e una imaxe do cristianismo que lle permita non ser excluído do diálogo cultural e religioso». Ese libro quedou paralizado por este lío, pero quero volver a el canto antes. Síntome profundamente incómodo en todo este barullo.

Hai unha falta de tradición teolóxica neste país que poda levar a enfrontamentos deste tipo?

Despois do Concilio, a teoloxía avanzou moito en España e tamén aquí en Galicia, a pesar de que os nosos bispos non se decidiron fundar unha facultade de Teoloxía. Pero dun tempo a esta parte o grupo ao que aludín, amparado nunha tendencia xeral pero levándoa ao extremo, está intentando frear todo avance, toda teoría teolóxica que non coincida coa deles. Por iso penso que o que sucedeu comigo non sucedería noutra nación europea.

Cal debería ser o itinerario teolóxico a seguir?

Tomar en serio a chamada do papa Xoán ao ‘aggiornamento’ e seguir as directrices do Vaticano II, retomando o Evanxeo, renovando a Igrexa e dialogando fraternalmente coas grandes inquiredanzas e necesidades do mundo.